**UNIVERSIDADE DE VIGO**

**LISTA DE ASISTENTES**

D. José Carlos Alcalde González
D. Miguel Alfonso Pallarés
D. José Nicanor Alonso Álvarez
D. Lluis Alonso Bacigalupe
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela
Dª Mª Isabel Alonso García
D. Fernando Alvarellos Vales
D. Miguel Ángel Álvarez Campus
D. Heliodoro Alvarez Conde
Dª Alicia Álvarez Fernández
D. J. Angel Álvarez Moreira
Dª Patricia Álvarez Vázquez
D. Xosé Carlos Álvarez Villamarín
D. Ramón Araujo Casado
D. Pedro A. Araujo Nespereira
Dª Mª Cristina Arias Fernández
D. Xosé Carlos Arias Moreira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Ramón Barreiro García
D. José Luis Barros Díaz
Dª Marina Blanco Feijoó
D. Gustavo Bergantiño Cid
D. Jorge Bravo Bernárdez
D. Enrique J. Buch Gómez
Dª Soledad Bugallo Petit
Dª M. Alicia Cachafeiro López
D. Leopoldo José Cadaya Vidal
D. Luis Calvo Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Lino Pedro Canedo de la Torre
D. José Luis Capelo Martínez
Dª Mª Victoria Carballo-Calero Ramos
D. Víctor Cardador González
D. Alfonso Caride Losada
D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
D. Manuel Carracelas Graña
D. Pablo Javier Cebral Loureda
Dª Mercedes Cendón Falque
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Alfonso Cid Sabucedo
D. José Cidrás Pidre
D. Ángel Cifuentes García
Dª Eva Conde Rivera
D. Eusebio Corbacho Rosas
Dª Patricia Corbacho Suso
D. José Mª Correa Otero
D. Xosé Henrique Costas González
D. Pedro Cuesta Morales
D. José Mª Da Rocha Álvarez
D. Jesús De Andrés Iglesias
D. Guillermo De Oca Cancela
D. Javier De Vicente Remesal
Dª Encarnación De Miguel Villegas
Dª Coral del Río Otero

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que terá lugar o día vintetrés de abril de mil novecentos noventa e nove, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, **día 23 de abril de 1999**, ás 10.30 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de trata-los seguintes puntos da Orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (15-01-99)
2º.- Informe do Rector.
3º.- Aprobación, se procede, dos plans de estudio das novas titulacións de 2º ciclo de Enxeñería Informática e L.A.D.E. (Campus de Ourense) e de Xestión e Administración Pública e Ciencias de Actividade Física e do Deporte (Campus de Pontevedra). Os plans de estudio poden consultarse na Secretaría Xeral ou nas direccións de tódolos centros e departamentos.
4º.- Aprobación, se procede, do expediente de creación dos seguintes Centros: Facultade de Ciencias da Educación (Pontevedra), Facultade de Ciencias Empresariais (Ourense) e Escola Superior de Enxeñería Informática (Ourense).
5º.- Proposta de cambio de Departamento das áreas de Filosofía do Dereito e Filosofía Moral (Xunta de Goberno do 12-03-99).
6º.- Aprobación, se procede, do Regulamento do Tribunal de Garantías .
7º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de terceiro ciclo.
8º.- Regulamento do estudiante (disposición transitoria 16ª de Estatutos).
9º.- Elección para cubrir un posto vacante en Xunta de Goberno no sector de decanos/directores de Centro.
10º.- Rogos e preguntas.

D. José Durany Castrillo
D. Luis Espada Recarey
D. Miguel A. Esparza Torres
Dª Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Álvarez
D. Manuel Fernández Areal
Dª Paula Mª Fernández Carpintero
D. Julio Fernández Cid
Dª Esperanza Fernández Gómez
Dª Generosa Fernández Manín
D. Manuel J. Fernández Iglesias
D. Celso Fernández Silva
Dª María Fernández Silva
Dª Mª Begoña Fernández Silvoso
D. Ramón Angel Fernández Sobrino
D. José Antonio Fraiz Brea
D. Rubén Frieiro Barros
D. Pedro Pablo Gallego Veigas
D. Juan Fco. Gálvez Gálvez
Dª Secundina García Conde
D. Antón García Fernández
D. Guillermo García Lomba
D. Eloy García López
Dª Aida García Molares
D. José Manuel García Vázquez
D. Carlos Garrido Suárez
Dª Ana Mª Garriga Domínguez
Dª Teresa Geada Geada
D. José Mª Gil Villanueva
D. Eduardo Godoy Malvar
D. Ramiro Gómez Lourido
Dª Alma Mª Gómez Rodríguez
D. José Luis González Cespón
D. Daniel González Laguna
D. Manuel González Lorenzo
D. Pablo González Martínez
D. Francesco Saverio Gugliotta Bastos
D. José Luis Guntín Galego
D. José Antonio Hernández Hermida
D. Jesús Hernández Sánchez
Dª Mª Yolanda Herranz Pascual
D. Iván Iglesias Santiago
Dª Sonia Justo Justo
D. Alfonso Lago Ferreiro
D. Rodolfo Lago Méndez
Dª Patricia Leal Freire
D. Xoán Leiceaga Baltar
D. José Lillo Beviá
D. Martín Llamas Nistal
D. Abel López Conde
D. Alvaro Xosé López Mira
D. Alfonso L. López Otero
D. Luis López Pérez
D. José Manuel Losada Beltrán
D. Federico Mallo Ferrer
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
Dª Romina Maneiro Cid
D. Víctor Manuel Martínez Cacharrón
Dª Patricia Silvia Mascuñán Tolón
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
Dª Ana Belén Méndez Fernández
D. Gonzalo Méndez Martínez
Dª Mª Diana Méndez Vizcaíno
D. Pedro Merino Gómez
D. Carlos Mollinedo Lois
Dª Ascensión Muñóz del Barrio
D. Santiago Murillo Zapatero

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, Dª Margarita Estévez Toranzo.

Antes de comezar coa orde do día, sortéase a letra para quenda de intervencións e sae o " C ".

**O pùnto 1, apróbase por asentimento** trala intervención do Sr. Álvarez Moreira que indica que no sucesivo os anexos que non estiveran antes en poder dos claustrais deben acompañarse coa documentación no claustro seguinte.

**No punto 2,** o Rector informa:

-Sobre a reunión do Consello de Universidades na que o ministro anunciou algúns dos seus compromisos: estudio da mellora do procedemento de selección de alumnos na Universidade, impulso dos programas de avaliación da calidade e reformas parciais de certos aspectos da L.R.U. en temas de profesorado.

-Sobre a reunión que tivo lugar na Consellería de Educación para estudiar os criterios dun plan de financiamento plurianual.

-Sobre a creación de cargos académicos. Elaborarase unha proposta , que se levará ó Claustro para dar abeiro ós que xa estean creados o ós que se poidan crear no futuro.

-Sobre a sinatura de convenios coa Deputación e Concello de Pontevedra, Caixa Galicia e Xunta en relación coa sede dos cursos da Universidade Menéndez Pelayo en Pontevedra.

-Sobre o compromiso de Caixa Vigo para financiar os proxectos da cidade universitaria.

-Sobre o acordo do último Claustro sobre a reivindicación dos titulares de Escola Universitaria, informando que aínda non hai resposta da Consellería, pero dicindo que hai boa impresión despois das conversas mantidas no seo do Consello de Universidades.

D. Juan M. Outes Álvarez
Dª Mª Consuelo Pazo Martínez
D. José Peleteiro Salgado
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Luis Pérez Gómez
D Juan Pérez de Obanos Herrero
Dª Nikole Pérez Mato
Dª Beatriz Pérez Villaverde
D. Albino Prada Blanco
Dª Mª Teresa Pombo Fernández
D. José Pose Blanco
Dª Asunción Ramos Stolle
Dª Teresa Rey Barreiro
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Manuel Angel Rey Fraile
D. Anzo Riádegos Saavedra
D. Xosé Ríos Cidrás
D. Filemón Rivas Conde
Dª Mª Dolores Rivero Fernández
D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
Dª Margarita Rodríguez Holguín
Dª Antía Rodríguez Nieves
D. Raul Fernando Rodríguez Rubio
Dª Mª Pilar Rodríguez Seoane
D. Carlos Román Lago
D. José Ramón Rúa Rodríguez
D. José Óscar Rubiños López
Dª Veljka Ruzicka Kenfel
D. José Luis Sáez Ocejo
D. Elena Sánchez Trigo
D. Rafael Sanz Domínguez
Dª Evangelina Sierra Bernardino
D. Eduardo Soto García
Dª Mercedes Suárez Pazos
Dª Piedade Suárez Rosende
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. Javier Taboada Castro
D. José Tojo Suárez
Dª Mª Concepción Tojo Suárez
Dª Dolores Troncoso Durán
D. Antonio Vaamonde Liste
Dª Xema Celtia Varela Rodríguez
D. Manuel Eusebio Vázquez Alfaya
D. José Angel Vázquez Barquero
D. Camilo Vázquez García
Dª Mª Jesús Vázquez Paredes
D. José Angel Veiro García
D. Manuel Velasco Graña
D. Federico Vilas Martín
D. Marco Villagómez Cebrián
Dª Raquel Vizcaya López

Ademais anunciou para finais do mes de xuño a convocatoria do vindeiro Claustro Universitario.

Antes de pasar ó seguinte punto, D. Alfonso López Otero da lectura a un escrito asinado por un grupo de claustrais sobre os sucesos acontecidos na antiga Iogoslavia e solicitan o apoio do Claustro ó dito escrito.

Non figurando este punto na orde do día, a Mesa acorda que non pode producirse un acordo do Claustro neste sentido, pero ponse o texto a disposición de tódolos claustrais para que poida ser asinado por quen desexe mostrar o seu apoio.

**No punto 3,** interveñen en primeiro lugar os profesores Fraiz Brea, Durany Castrillo e Fernández Areal como Decanos responsables da elaboración dos plans de estudio. Explican o procedemento seguido, agradecen a colaboración dos membros das Xuntas de Titulación e piden o apoio do Claustro.

O Vicerrector de Organización Académica explica o procedemento xeral seguido na elaboración e o axuste á normativa vixente.

O profesor Vázquez Barquero di que o procedemento foi apresurado e que non foron atendidos os pedimentos da área de Fundamentos da Análise Económica.

En contra desa opinión se manifestan os profesores Fraiz, Mazaira e Rocha.

A continuación pásase a votar cada un dos plans de estudio propostos.

-Plan de estudios do segundo ciclo de Enxeñería Informática (Ourense):

| | |
|---|---|
| A favor | 100 votos |
| En contra | 0 votos |
| Abstencións | 21 |

**Apróbase**

-Plan de estudios de L.A.D.E. (Ourense):

| | |
|---|---|
| A favor | 94 votos |
| En contra | 0 votos |
| Abstencións | 29 |

**Apróbase**

-Plan de estudios de Xestión e Administración Pública (Pontevedra)

| | |
|---|---|
| A favor | 103 votos |
| En contra | 0 votos |
| Abstencións | 28 |

**Apróbase**

-Plan de estudios en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

| | |
|---|---|
| A favor | 100 votos |
| En contra | 0 votos |
| Abstencións | 33 |

**Apróbase**

**No punto 4,** trala intervención do Sr. Rector, os profesores González Lorenzo e Tojo Suárez piden aclaracións sobre o procedemento.

O Sr. Álvarez Moreira pregunta se é aplicable o artigo 27. b) dos Estatutos.

A continuación prodúcese a votación:

-Facultade de Ciencias da Educación (Pontevedra)

| | |
|---|---|
| A favor da creación do centro | 115 votos |
| En contra da creación do centro | 0 votos |
| Abstencións | 12 |

**Apróbase**

-Facultade de Ciencias Empresariais (Ourense)

| | |
|---|---|
| A favor da creación do centro | 125 votos |
| En contra da creación do centro | 0 votos |
| Abstencións | 8 |

**Apróbase**

-Escola Superior de Enxeñería Informática (Ourense)

| | |
|---|---|
| A favor da creación do centro | 123 votos |
| En contra da creación do centro | 0 votos |
| Abstencións | 9 |

**Apróbase**

**No punto 5,** o Rector explica o acordo da Xunta de Goberno de 12 de marzo de 1999 sobre o cambio de Departamento das áreas de Filosofía do Dereito e Filosofía Moral.

O profesor Eloy García pide a retirada do punto e advirte dunha suposta ilegalidade.

O profesor Lorenzo Merino, como director do Departamento de Dereito Privado di que no caso de Filosofía do Dereito o Consello dese departamento informou favorablemente o cambio de área.

O profesor Mallo expresa que non se sinte vinculado a un acordo nese sentido.

O profesor Corbacho opina que o tema ten que estudiarse con máis antelación e que modificacións como esta deben incluírse na programación plurianual.

Despois dun breve debate da Mesa, pregúntase ó Claustro se hai suficiente información para seguir co punto e chegar a un acordo. O resultado da consulta foi:

| | |
|---|---|
| A favor de seguir | 53 votos |
| En contra | 43 votos |
| Abstencións | 17 |

A continuación prodúcese a votación:

- Proposta de cambio de área de Filosofía do Dereito do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa ó Departamento de dereito Privado:

| | |
|---|---|
| A favor | 47 votos |
| En contra | 15 votos |
| Abstencións | 23 |

**Apróbase**

- Proposta de cambio da área de Filosofía Moral do Departamentode Análise e Intervención Psocosocioeducativa ó Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía:

| | |
|---|---|
| A favor | 46 votos |
| En contra | 16 votos |

Abstencións 26

**Apróbase**

Os profesores Federido Mallo Ferrer, José A. Vazquez Barquero, Manuel Ángel Rey Fraile, Concepción Tojo Suárez, Aida García Molares, Pedro Pablo Gallego Veigas, Miguel Alfonso Pallarés, Encarna de Miguel Villegas, Elena Sánchez Trigo, Mª Luisa Alonso Escontrela, José Lillo Beviá, Esperanza Fernández Gómez, Soledad Bugallo Petit, Pedro Araujo Nespereira, Alfonso Cid Sabucedo e Raul Fernando Rodríguez Rubio piden que conste en acta o seguinte:

*"Se desvinculan de los acuerdos de Claustro que se tomen en referencia al punto 5 del orden día de la sesión ordinaria del día 23 de abril de 1999, por considerar que pueden incurrir en un supuesto de ilegalidad, según fue advertido públicamente durante la sesión por el claustral profesor Eloy García".*

Os profesores Martínez Peñalver, Buch Gómez, Candelas Colodrón, Lago Ferreiro, Corbacho Rosas, Correa Otero, García López e Cachafeiro López e a Sra. Corbacho Suso presentan voto particular en contra do acordo (**Anexo I**).

**No punto 6**, intervén en primeiro lugar o profesor Espada Recarey para explicar as liñas xerais do regulamento elaborado polo Tribunal de Garantías onde foi aprobado por unanimidade.

A continuación defende a emenda á totalidade o profesor Rúa Rodríguez. Esta emenda e a súa defensa xúntanse á acta como **Anexo II.**

Ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Díaz de Bustamante manifesta o seu desacordo polo texto enviado por correo electrónico á toda a comunidade, asinado por *"25 claustrais"*.

O profesor Durany Castrillo di que o Claustro debe felicitarse por ter Tribunal de Garantías elixido por unha maioría cualificada e por que o dito Tribunal aprobou o seu regulamento por unanimidade. Considera excesivamente regulamentista o texto presentado como emenda global e di que nel parece confundirse o Tribunal de Garantías co Servicio de Inspección.

Nese sentido manifféstanse os profesores Membiela, Merino e Reigosa.

Despois de novas intervencións dos profesores Espada Recarey e Rúa Rodríguez, pásase á votación:

| | |
|---|---|
| A favor do texto | 89 votos |
| A favor da emenda global | 18 votos |
| Abstencións | 12 |

As 14 horas interrómpese a sesión para a votación correspondente ó punto 9 da orde do día.

Empeza de novo a sesión ás 14.30 horas para debatir a emenda parcial asinada pola profesora Alonso Escontrela (**Anexo III**) que a defende.

Vótase a continuación a emenda:

| | |
|---|---|
| A favor do texto | 59 votos |
| A favor da emenda | 22 votos |
| Abstencións | 6 |

Non se inclúe a emenda e vótase o documento incicialmente proposto:

| | |
|---|---|
| A favor | 67 votos |
| En contra | 21 votos |
| Abstencións | 11 |

**Apróbase** o Regulamento do Tribunal de Garantías.

**No punto 7**, a Mesa asume o pedimento de varios claustrais de **retirar este punto** ata o seguinte Claustro.

Acórdase redactar de novo o Regulamento de Terceiro Ciclo elaborado pola Comisión de Doutoramento, incorporando as indicacións da Asesoría Xurídica e do Servicio de Alumnado e abrir un novo prazo de emendas antes do seguinte Claustro.

**No punto 8,** o Rector informa que o regulamento de estudiantes que figura na documentación foi enviado á Comisión de Estudiantes (elixida no Claustro) que segundo o disposto nos Estatutos é a encargada de elaborar unha proposta para ser sometida á consideración do Claustro. O Rector de acordo co primeiro firmante do escrito, acorda retira-lo punto co fin de axiliza-la orde do día do Claustro, comprometéndose a:

1º) Remitir formalmente o texto íntegro á Comisión de Estudiantes, na que se empregará como documento de traballo.

2º) Incorporalo como punto á orde do día do seguinte Claustro ordinario.

**No punto 9,** o resultado da votación para cubrir un posto vacante en Xunta de Goberno no sector de decanos/directores de centro foi o seguinte:

| | |
|---|---|
| D. Jesús Hernández Sánchez | 14 votos |
| D. Manuel Pérez Donsión | 48 votos |
| D. Enrique Valero Gutiérrez | 50 votos |
| En blanco | 4 votos |

Queda elixido **D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo.**

**No punto 10,** relativo a rogos e preguntas:

**O PROFESOR CANDELAS** roga que a consulta da documentación das Xuntas de Goberno se facilite a tódos os claustrais.

**O PROFESOR CORBACHO ROSAS** roga que se actualicen na rede os datos do nº de alumnos matriculados por materias e que o estado das áreas estea na páxina web antes de elaborar os POD. Roga tamén que nos debates se teñan en conta tódos os artigos do Estatutos.

**A SRA. CORBACHO SUSO** roga que se teña en conta o artigo 1 e 3.g) do regulamento de réxime interno do Claustro e roga ó Sr. Rector que interprete correctamente a Lei. Pregunta porqué se duplicou o número de alumnos de entrada en Dereito (rama Económico-Empresarial) se o edificio vai tardar dous anos en estar rematado.

**O PROFESOR MALLO FERRER** pregunta qué se está a facer para solucionar os problemas de auga e electricidade na Facultade de Ciencias de Vigo (o Vicerrector de Planificación explica as xestións levadas a cabo con Seragua e os problemas existentes de potencia eléctrica). Roga que dende a Secretaría Xeral se mellore a tramitación da documentación correspondente ás sesións do Claustro e pide que sempre que sexa posible, consten na acta as respostas ás preguntas.

**O PROFESOR REY** pregunta polo e-mail da Directora da Biblioteca sobre o requisito de dispor dun carné de profesor para uso da Biblioteca. Pregunta qué contidos serían susceptibles de ser presentados nunha mensaxe de correo electrónico ( o Rector responde que o que non debe facer a universidade é censurar, e informa das listas de correo electrónico existentes: comunidade, claustro, xunta goberno, avisos).

**O SR. ÁLVAREZ MOREIRA** entrega por escrito os siguientes rogos e preguntas:

*---Ruego conteste (y sea reseñada en el acta, de manera somera, el sentido de las respuestas) a las preguntas que aún no ha contestado, o que cuya respuesta no consta, o que no han sido respondidas por actuaciones en el tiempo, a este Claustro y que a continuación le relaciono (hasta el dia 15-I-99).*

*Dia 6-XI-98*

*Sr. Lago Méndez:*
*Vertedero de escombros de la F.Ciencias*
*Proyecto de ajardinamiento de la COTOP*

*Sr. M.Cacharrón:*
*Solicitud al MEC de personal que agilice la tramitación de becas*
*Seguro voluntario para estudiantes*

*Sra. Otero Pérez:*
*Titulación de Comunicación Audiovisual para Pontevedra*
*Obras en Ciencias Sociales*

*Sr. Tojo Suárez:*

*Convenio con la Xunta sobre Becas*
*Datos sobre Becas*

*Sr. Álvarez Moreira:*
*Problemas con la matrícula: sobres, plazos ...*
*Tribunales de 5a, 6a y 7a convocatoria no constituidos*
*Apertura de la Biblioteca Central*

*Sr. Araya Tauler:*
*Análisis de potabilidad en Campus de Vigo*

*Sra. Corbacho Suso:*
*Varias sobre edificio de Derecho Económico*

*Sr. Fernández Suárez:*
*Mal uso de partida de protocolo del anterior equipo rectoral*

*Sr. García Fernández:*
*Figura de los Becarios de apoyo a Docencia.*

*Sra. Gómez Pino:*
*Transporte en Campus Pontevedra*
*Reorganización de la calle A.Boveda*

*Dia 15-I-99*

*Sr. Gugliotta Bastos:*
*Declaración del Vicerrector de Alumnado sobre la reducción de vacaciones para dispensar todos los créditos*

*Sr. Álvarez Moreira:*
*Apertura de la biblioteca Central*
*Varias sobre la frase del impreso A-5 de matrícula " * A sinatura deste documento implica a solicitude da 5a, 6a ou 7a convocatoria das materias resñadas"*
*Plan de seguridad tanto de la Universidad como de los edificios*
*Convenio con la Cruz Roja sobre el puesto en el Campus de Vigo*
*Criterios de ampliación de edificios docentes*
*Valedor de la Universidad*

*Sra. Corbacho Suso:*
*Edificio de Derecho Económico*
*Derechos y obligaciones de los reglamentos*

*Sr. Correa Otero:*
*Plazo de finalización de la obras en el Campus*

*---En base a los acuerdos sobre ecología y reciclaje de papel solicito que la*

*documentación del Claustro, así como la de Junta de Gobierno, sea enviada a través de E-mail a todos los P.D.I. así como a los P.A.S. que tengan cuenta. A los alumnos se nos seguirá enviando en papel ya que no tenemos cuenta de correo electrónico en la Universidad. De todas formas las convocatorias deberán seguir siendo enviadas por conducto tradicional. (O Rector Informa que se vai abrir unha conta de córreo electrónico para os claustrais, incluidos estudiantes, que non a teñan).*

*---Ruego también que en el más breve tiempo posible se apruebe un reglamento que de soluciones válidas para aquellos casos en los cuales un examen no se realice en el período establecido o no se evalúe por cualquier causa (ejemplo de esta última situación es la planteada actualmente en la licenciatura de Economía de la F.CC.EE.EE.) Esta normativa es necesaria ya que los examenes los tenemos que realizar todos los alumnos y se debe dar una solución general que remedie el mayor numero de casos que se puedan dar, para que la solución sea siempre la misma y no se den casos que en un centro un suceso se resuelva de una forma y en otro la solución sea totalmente diferente.*

*---Con respecto al recurso ordinario presentado ante el Claustro el pasado día 3-XII-98 (R.E. 24201) con resolución fechada el día 22-I-99, quisiera indicar que el plazo de 2 meses que se me indica para presentar recurso contencioso-administrativo comienza a contar a partir de la fecha en la cual se sepa fehacientemente que fue recibida. Al ser enviada por correo ordinario (no certificado) la fecha fehaciente es la de hoy o, en último caso la de ayer. Ruego que este error sea único y todas las comunicaciones que deban ser enviadas por correo certificado, lo sean.*

*---¿Cuándo se van a aplicar, en el caso que no se haga, los siguientes artículos? 204.2 Estatutos y 34.2.f y 34.2.h del Reglamento de Profesorado (documentación que debe estar a disposición del alumnado al comenzar el curso), 34.3.d Reglamento de Profesorado (Informes del Departamento en caso de menos del 20% de aprobados), 2.1.c Ley 9/75 y 34.2.i Reglamento Profesorado (Tribunales de 5a, 6a y 7a convocatoria), 230 Estatutos (Calendario de exámenes) 197 estatutos (Servicio de Inspección).*

Levántase a sesión ás 1 5.30 do día 23 de abril de 1999, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector,

Domingo Docampo Amoedo

A Secretaria Xeral,

Margarita Estévez Toranzo